


The background of the entire image is a reproduction of the painting 'The Starry Night' by the Dutch Impressionist painter J.M.W. Turner. The painting depicts a coastal town at night, with a prominent church spire on the left and a large, bright, swirling moon or star in the upper right. The sky is filled with vibrant, swirling colors of blue, green, and yellow, creating a sense of movement and energy. The town below is rendered in dark, muted tones, with a few lights visible in the windows of the buildings.

CALROS SOLLA

CERDEΩ  
in the Voyager I

CALROS SOLLA

**CERDEDΩ**  
**in the Voyager I**

Grafismos:  
DAVIDE SOLLA

*Na procura da dignidade,  
a milleiros de UA de nós mesmos.*

*o que leva a Coca  
sempre é de Soutelo  
de Montes, e a veces  
évos de Cerdado.*

M. Sarmiento?, *Coloquio de 24 galegos rústicos*, séc. XVIII

*Fan ben en cribarnos  
por todo o pelexo,  
cal bois de Laiño  
ou bestas do Seixo,  
pois temos bo lombo  
e brazos de ferro  
para levar tundas,  
traballar arreo.*

X. M. Pintos, *A gaita gallega*, séc. XIX

*madagascar lalín namibia ortigueira chad mondoñedo  
guiné bissau cambados costa de marfil monforte senegal  
corcubión burundi mondariz zambia camariñas malí  
guitiriz camerún a estrada gabón cerdedo etiopía...*

A. Reixa, *Historia do Rock and Roll*, séc. XX

*...apareceu unha roda sobre a terra [...] que tiña catro faces [...] e as rodas e a súa materia eran aos ollos como da cor do mar; e todas catro eran semellantes, e a súa forma e a súa estrutura representaban unha roda que estivese no medio doutra roda.*

Ezequiel I, 15-16

## LIMIAR

Benvidos, benqueridos lectores, afoutos *nautae*, á Voyager I, cápsula espacial que arestora emprende viaxe.

Preséntaseme a difícil misión de prologar este poemario, labor complexo, aínda que sexa unha honra para min levar adiante tal cometido. E fago mención á complexidade da tarefa porque cando falo de Calros Solla agroman unha mancha de lembranzas e sentimentos que dificultan discernir que é o que debo expoñer aquí, diante de vostedes, sobre a vida e obra deste destacado cerdedense e pontevedrés (tanta xolda compartida...). Así pois, decídome por falarlles, un pouquiño, sobre como coñecín o autor, por supor para ambos os dous un punto de inflexión importante a nivel emotivo. Por suposto que falarei brevemente sobre o que lles interesa, que é o poemario, pero penso que entenderán perfectamente que non renuncie a facer unha inicial presentación do home que descubrín hai xa uns anos e que tanto me marcou en moitos sentidos: polo seu afecto, pola súa honestidade e, sobre todo, pola súa amizade.

Foi durante uns cursiños organizados polo aparello burocrático da Administración. Lembro que aquelas xornadas – principios básicos sobre didáctica e pedagogía que pouco aliviaron a nosa angueira profesional– mesmo semellaban argalladas para mergullarnos no significado profundo do tedio baudeleriano. Aturar aqueles soporíferos discursos, ben condimentados pola mediocridade docente máis absoluta (vaia paradoxo), abriulle a porta a unha nova época das nosas vidas, aínda que como leron, nos comezos, con ben pouco fado.

Mais no medio daquela boráxine estupidizadora formouse un grupiño de tertulia no que ademais de Calros e mais eu estaban Uxío da Illa – entrañable Uxío–, Fito de Barro e Lourdes de Cangas. Pululaban tamén por alí persoeiros tan queridos para nós como Ricardo Maquieira, Anaír Rodríguez ou Paula Fernández, e xuntos, nunha dinámica crítica co que estabamos soportando naqueles días de infortunio, perante a exacerbante apatía dos estudantes de Hispánicas, axiña fomos identificados por algunha profesora de impecable fonética galega e deplorable sintaxe castelá como “los de gallego”. Era o comezo da fin dos mártires da Igrexa Cometiana.

Calros Solla innova dende as orixes. O pulo, a forza que lles imprime este bardo ás palabras fai que se transformen nun dioivo de novos mundos xa explorados, pero non entendidos nin escudados de vez. Calros afonda e renova o concepto hilozoísta. A paisaxe non se transforma necesariamente nun ente animado, mais o lector apreciará que a súa esencia rezuma vida. A conxunción dos elementos cun vínculo común, o Cerdado do seu querer, é o eixe fundamental sobre o que xira a súa poesía. É por isto que digo, e deixo escrito, que Calros Solla é o máis xusto herdeiro de Amado Carballo (desculpen esta miña teima xa exposta nalgún outro sitio). A terra, como materia, como esencia vital, coma nós mesmos, en íntima fusión, brada contra os que a afean, contra os que a maltratan. É a canle propicia, o motivo de expresión máis axeitado para dicirmos doutra volta – autor, eus poéticos varios e lectores– : VIVIMOS INADAPTADOS.

Índonos xa a *CERDEDΩ in the Voyager I*, e sen esquecer o que se acaba de apuntar sobre a súa poesía en xeral, gustárame sobrancear un par de aspectos que se desmarcan un chisco do que nos tiña afeitos o poeta. Coido que este é o canto máis desgarrado co que se ten laiado Calros Solla. Cerdado, dende a Voyager I, dende o universo, é obxecto de preguntas que non atopan resposta e que abafan e fan arfar o autor: QUI SUMUS?, UNDE VENIMUS?, QUO IMUS? Son, todas tres, as preguntas

transcendentais que estruturan o poemario. Cada unha destas cuestións é tratada de diferentes xeitos polo poeta – aquí Calros fai unha demostración práctica do seu bo facer lúdico coa palabra – que non atopa respostas e que se abandona á desesperanza. Cerdedo, Galiza queren ser dignificados dende e para o universo, buscándolle a finalidade do *ser* a unha entidade étnica ben determinada, pero non apreciada polos propios. A inxustiza, o abandono ó que se ve sometida a terra son cantados con carraxe e pouca esperanza na realidade inmediata. A Voyager I propicia unha saída de emerxencia ante a vivencia terrestre do autor. Idealiza e sitúa *Cerdedogaliza* no universo, pero fracasa no seu intento por atopar a raiola da solución. Nin sequera a evasión experimentada con novos mundos, con novas cosmovisións son quen de facilitar a tranquilidade a un poeta esgazado e ferido de morte pola franca decadencia á que se ve sometido todo o que o arrodea.

Todas as formas poéticas presentadas en disposición figurativa (caligramas, tipogramas, anagramas, amálgamas...), os tecnicismos que agroman deste novo contexto situacional ou a presenza de elementos extralingüísticos, serven para potenciar a expresividade e ludismo dun poemario destinado ó naufraxio existencial.

É por esta deriva dos que desprezan o amado polo que Calros canta. Porque lle DOE.

Preséntasenos evidente, pois, que o feito hilozoísta está determinado en dúas compoñentes máis que serían a social e a existencialista. Calros non deixa de reflexionar sobre o mundo, amosándonolo da maneira máis descarnada co emprego de diversos recursos estilísticos e expresivos. Dende formas inspiradas nas vangardas de principios do século XX ata a pescuda de novos xeitos de crear que conforman un todo. Conxunción entre tradición e pescuda que dan un ar novo á súa poesía. A insatisfacción lévaos a moverse por diferentes feitos poéticos que conflúen nunha mesma preocupación: o Cerdedo, a Galiza socialmente subxugada. Mais teño medo de crear unha idea

equivocada no lector. Paréceme de moita importancia todo isto que levo dito, mais non debemos pensar que *CERDEDΩ in the Voyager I* é única e exclusivamente un canto social. A carraxe que adiviñamos provén do amor e é por isto polo que destacamos poemas inzados dun lirismo emotivo que debe ser tido moi en conta á hora de coñecermos o autor, todo un gran animal amatorio que escribe para os seus e non para el (vexan o *po interestelar* do *Monolito*).

Sen embargo, a miña misión nesta presentación do libro de Calros non era esmiuzar os contidos do mesmo. Abofé o lector – que ha facer unha lectura propia e persoal– estará impaciente por “fincarlle o dente” a este canto de amor e desamor, de frustración e desencanto, polo que considero que é xa tempo de dar paso ó que verdadeiramente interesa, que é a última entrega dun dos poetas máis importantes que deu a literatura galega contemporánea. *Dixi*.

**Héitor Mera**

**CERDEDΩ**  
**in the Voyager I**

[CERDEDO INDAVAISERÚN]

## SON da TERRA de CERDEDO

"Ince a paz no universo"

Eu son Calros,  
dos *Solla* de Abelaíndo,  
dos *Varela* de Cavenca,  
e son humano.

Eu son \_\_\_\_\_,  
dos \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_,  
dos \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_,  
e son human@.

Ao son da sonda

Oh, meu Carl Sagan

Ohio, oio voces:

*Teño unha casa branca  
na ghalaxia, entre os luceiros...*

Scott, escoito voces:

*...teño paz e teño calma,  
estou vivindo no ceo*

están alí, Stanley

estiven alí, Steven

*Ailaleloailalalo*

*Ailaleloailalalo*

$$E=mc^2$$

Albert, maréome

*Ailaleloailalalo*

*Ailaleloailalalo*

galaxy BT 14 – 5, 9, 77 – 12:56 UTC


–264° C

N= (approx.) 6 million

Carl, vai frío

Carl, e u é eu?

# VOYAGER I



- 1 - televizní kamery
- 2 - detektory plazmy
- 3 - detektor kosmického záření
- 4 - parabolická anténa
- 5 - měřicí anténa
- 6 - výsuvná tyč s magnetometrem
- 7 - čidlo orientace na hvězdu Canopus
- 8 - radioizotopové generátory
- 9 - korekční motorky
- 10 - radioastronomické antény


- 11 - radiátor
- 12 - otočný detektor záření
- 13 - ultrafialový spektrometr
- 14 - infračervený spektrometr
- 15 - fotopolarimetr

<http://mek.kosmo.cz/teleso/1977/voyager.gif>

## Traducción:

- 1.- xugo
- 2.- cabezalla
- 3.- chavella
- 4.- camba
- 5.- minón
- 6.- fumeiro ou estadullo
- 7.- coucón

- 8.- eixo
- 9.- chedeiro
- 10.- tentemozo
- 11.- ladal
- 12.- temoeiro
- 13.- canga
- 14.- cancel
- 15.- pioga



QUI SUMUS?

I

**CERDEDO**  
Milky Way, N-541  
**EARTH**

42° 32' N  
8° 23' W

## II

### Constelación (ursa maior)

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
|   |   |   |   |   | C | a | s | t | r | o |
| t | o | m | o | n | d | € |   |   |   |   |
|   |   |   | q | u | i | R | e | z | a |   |
|   |   |   |   | p | e | D | r | e |   |   |
|   | f | i | g | u | € | i | r | o | a |   |
|   | p | a | r | a | D | a |   |   |   |   |
|   |   |   |   | f | O | l | g | o | s | o |

# III


## Constelación (ursa minor)

|   |   |   |   |   |    |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|---|---|
|   |   |   |   | c | a  | r | b | a | l | l | á | s |
|   |   |   |   | c | a  | v | e | n | c | a |   |   |
|   |   |   | a | b | e  | l | a | f | n | d | o |   |
|   |   | l | i | m | e  | r | e | s |   |   |   |   |
|   |   |   |   | a | r  | é | n |   |   |   |   |   |
|   |   | l | o | u | r  | i | d | o |   |   |   |   |
|   |   |   | b | i | d  | u | f | d | o |   |   |   |
| c | h | a | m | a | d  | o | i | r | a |   |   |   |
|   |   |   |   | c | e  | r | n | a | d | o | s |   |
|   | s | a | n | b | e  | r | n | a | b | é |   |   |
|   | c | a | v | a | d  | o | s | a |   |   |   |   |
| m | e | i | l | i | d  | e |   |   |   |   |   |   |
|   | b | a | r | r | o, |   |   |   |   |   |   |   |
|   |   | r | e | v | o  | l | t | a |   |   |   |   |

XAI

# IV

Comarca



- Terra de Montes

V

Co – marca



UVE

## VI

### Pulsar

amoleCERDEDOzura  
esqueCERDEDOres  
faCERDEDOs  
queCERDEDOncela  
careCERDEDOte  
xaCERDEDOus.

## VII

CERdedo-CEmilio-CElanova

naCERDEDOazón

*podedes non Creelo, pero eu lembro  
como nascEu a estirpe do meu sangue  
no bosque Dunha noite rEmotísima  
arrombaDa de pOmbas e de ríos.*

. . .

*os Corazós dos homes  
que ao lonxE espReitan,  
feitos están  
tamén  
de peDra.  
I Eu, morrenDo  
nesta Onga noite  
de pedra.*

feneCERDEdó.

## VIII

cer-dedadas

cer dedo maimiño ou pequeniño

cer dedo anular

cer dedo medio, do corazón, maior ou pai de todos

cer dedo índice ou furabolos

cer dedo matapiollos, polgar, grande ou gordo.

## IX

*Unha vez tiveren un cravo  
cravado no corazón,  
i eu non me acordo xa si era aquel cravo  
de ouro, de ferro ou de amor.*

Rosalía



X

REIXA pollinai REIXA

|   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C | d | a | p | p | e | p |
| a | € | p | r | r | n | r |
| t | t | R | e | E | c | i |
| i | i | e | n | s | a | s |
| v | d | s | i | o | D | O |
| o | o | a | d |   | e | n |
|   |   | d | o |   | a | e |
|   |   | o |   |   | d | i |
|   |   |   |   |   | o | r |
|   |   |   |   |   |   | o |

## XI

*Castellanos de Castilla,  
tratade ben aos gallegos;  
cando van, van como rosas;  
cando vén, vén como negros.*

Rosalía

Black Power:  
As sete vidas do gható mau-mau

I have a dream...

lin verdade en Cerdedo  
alí din  
liberdade, Cerdedo  
livruvoria, Karouvo  
e outros din  
libertad, Cerezal  
freedom, Cherries Village  
liberté, Lieu des Cerisiers

...

alí lin linde, lingua, Lincoln  
lin a Menchú, lin a man dela  
lin a King, alí  
ceibade a Chu-lin  
tamén cho lin

doutor Chandra, soñarei?...  
...un Biko pra todos.

## XII

*A Maite Sánchez Dapena*

### Twin towers

Cerdediño, Cerdediño  
Cerdediño for lovers,  
the fountain next to the road  
and saint John 'tween the towers.


Hurray for Cerdedo which has  
great towers and bells.  
Hurray for the charm and grace  
of "cerdedás" young girls.

# XIII

*Las ostias siguen cayendo  
sobre quien habla de más.*  
I. Serrano

## PLANETA ZERDEDO

*Ecce Agnus Dei*



Período de revolución: 247'70 anos  
"A más velocidad sigue rojo"

XIV

CERDEDO




Distintivo nacional

.ZΓ

Dominio

XV


*Calidrama*



reloxo biolóxico

XVI

Cegos



XVII

Xordos



Mudos

## XVIII



Aquí

**C**harlie

**E**co

**R**omeo

**D**elta

**E**co

**D**elta

**O**scar

may day, may day...!!!

XIX

*Mortse-tse*

-----

--- ---

## XX

### Vervo de arghinas de Karouvo Vervo xido

#### I

*Kando ormeo ke llastiches,  
Rechila katrula ke imes frúa,  
A xanvo de xoula de moi  
Ghinas muriando-imes chuma.*

#### II

*Ke ghalrúan xiriadores  
en rula verduvoria,  
a nende xido uska  
de kutufa valtra de nuska?  
Ke ghalrúan fustes de aghirra  
de ghavia raula xalaghetá  
kon de soi a vervo xiria?*

#### III

*Xeredes kuruvelas  
de kuruveleiros de moi?...  
Ghoreade-imes maiote  
nende arteleiras, nende felos;  
maiote nende ghanchas,  
calcantes, valdarrelos  
rangumias, xaspeos  
nende mokas, nende keikos.*

I.- **Rosalía de Castro**, chila ghorea de *Rechila katrula* (*Xalaghetas mutiañas*, 1880).

II.- **Eduardo Pondal**, chila ghorea de *Fustes* (*Ghoreo ghallufo*, 1907).

III.- **Manuel Curros Enríquez**, troves ghorea de *Maiote* (*Rechilos de riela de moi*, 1880).

Vervo xido de arría mariñada a vervo  
Verbo da intifada.

XXI

Xeroglífico



Afección

## XXII

*...antergo Castrodiz,  
no mar soñas  
e coma el abísmate nos númaros do ceo.  
Otero Espasandín*

Sinal Wow!  
(15, 8, 77 – 23h 16' 48'')

|   |   |   |                |   |    |   |   |   |
|---|---|---|----------------|---|----|---|---|---|
| C | . | . | 3              | + | 3  | . | . | 6 |
| E | . | . | .              | . | .  | . | . | E |
| R | . | . | R              | - | 1  | . | . | Q |
| D | . | . | 2 <sup>2</sup> | . | 22 | . | . | U |
| E | . | . | 5              | + | 5  | . | . | J |
| D | . | . | 5              | - | 1  | . | . | 5 |

wOw

XXIII

*Espazo das Raposeiras*



*Roteiro Sarmiento*

## XXIV

Otero *Space*andín

### III

*Da bosta quente  
entre dúas luces  
sae o escarabello  
tirando do destino...*

...

### IV

*Máis limpo e máis azul  
que os mesmos ceos  
o fume dos tellados  
cae preguiceiro  
na cunca dos espacios.*

Pensylvania, 1950

poeta cósmico.

## XXV

*A Manolo Campos, gaiteiro  
A Tino González, moucho á espreita*

*the real* filharmonía

pin pin  
chas chas  
vichelocrego  
pas pallás

*musicians:*

fringilla coelebs (*ferríños*)  
saxicola torquata (*pratos*)  
oriolus oriolus (*pandeiro*)  
coturnix coturnix (*pandeireta*)

\* \* \*

nocturno (cuarteto de vento)

BUFO: *uuu-ghuu!*


CURUXA: *xxxxxxxxxxx!*

MOUCHO: *miu-miu!*

AVELAIONA: *uu, uu, u-u-u-u!*

XXVI

Cerdedo:  
E. T. message



Outra vaca no millo  
(agroglifo)

XXVII

CONCELLO DE CERDEDO

G-astronomía

1º

Festa da vincha

2º

Fighos do país.

## XXVIII

### CRÐO (re-galiza)

quén te lambe coma lambonada  
quén te zuga coma zugo  
quén te come coma comida  
quén te engole con gula  
quén te envía pola gorxa do ar  
quén te atragoa  
quén te tose.

## XXIX

### Presente imperfecto da voz pasiva

Eu calito

Ti calitas

El/ela calita

Nós calitamos

Vós calitades

Eles/elas calitan

XXX

C DE RON

-Cerdedo cecea?

-Non, caci que non.

XXXI

alien voou...

cu – cu

cu

ten

quen

ten

medo

medo

ten

quen

ten

cu

cu – cu

...sobre o niño do cuco.

XXXII

Couto de caza

De

UNHA

GHRANDE

LEBRE


Deus me libre!

## XXXIII

*Verbo do motivo que me empurrou a facer unha viaxe en calidade de baleeiro, o invisíbel policía das parcas, que monta garda constantemente sobre min [...] é o máis indicado para explicalo [...] Sobrancea entre estas razóns o abafador pensamento da enorme balea [...] Engaiólame navegar por mares prohibidos e pisar praias exóticas [...] Por estas razóns, acollín con ledicia a idea de saír á pesca da balea.*

H. Melville

## Catastroloxía



Moby Dick

## Couto de pesca

XXXIV

Praia de NÓS

riscos na área  
pedreira do con  
coviñas no cantil

castelos.

# XXXV

*A Fernando Salgado*

## Terra de Todos... (rap R.I.P.io)

TØT

Un aborixe do Son di:  
ser ti de serdedo.  
Eu son, é verdade  
sou de Soutelo asemade  
amais en Beariz  
teño herdade.

*Ons son nós  
ser de Serdedo  
a son do Son  
sou de Soutelo.*

"T" de té  
ou "Ch" de chá  
*In fusion*  
"T" de te  
ou "Ch" de cha  
doucha, dásma  
transfusión.

*Ons son nós...*

TØT

Ten de teu, démocratie  
Ten de teu, o demo manda aquí

TØT

Na terra de todos

TØT


ouvea coma os lobos.

*Ons son nós...*

...cómena os lobos.

XXXVI

Auto de terminación



Feiras e festas


UNDE VENIMUS?

I

*Son discípulo do filósofo  
Dioniso, e prefiro ser sábio  
que santo.*

Nietzsche

CERDEHOMO



II

*...chouzas nas que nascemos,  
copulamos e morremos.*

Celso Emilio

CHOUZA



“Casa do meu contento”

### III

*Catro saltamontes,  
catro corre fontes,  
dous turulurús  
e un dallequedalle.*

### VACA

CCCC CcErdeedoodedreC CCCC  
cErdeedoodedrEc  
ceRdeedoodedRec  
cerDedoodedDrec  
cerdEdoodEdrec  
cerdeDooDedrec  
cerdedOOdedrec

## IV

*Do porco só se perde o chío.*

### PORCO

porcomercomercomer  
porcomercomerporco  
porcomercomercomerporco  
mercoporcomerporqu'omerco  
comercomerporco  
comerporcomer

porcocerdocerdocporco  
porcerdedoporcomerco


marrán, marrancho  
porco, cocho  
quino, rancho.

# V

*Para alegrías gastronómicas, en buena época, sus apreciadas truchas, la popular "Galiña ó sal", o los que prefieren sus buenas carnes del país cocinadas con especial arte.*

Pontevedra turística

## GALIÑA ao sal




Sal, gallina!

## VI

*Non canta na Chá ninguén,  
por eso meu carro canta  
canta o seu eixo tan ben  
que a señardade me espanta.*

Manuel María/Fuxan

## CARRO



*Foguete de sete estrelas*

## VII

*Chove, chove na casa do probe  
e no meu corazón tamén chove.*

Celso Emilio

### CHUVIA

(coma unha sopa)




Nunca choveu que non alovease

## VIII

*...ellos son gigantes; y si tienes miedo, quítate de ahí, y ponte en oración en el espacio que yo voy a entrar con ellos en fiera y desigual batalla.*

D. Quijote

## MONTE



Encontros na fase que falta

## IX

*...prometemos resistir.  
Ay, Carmela, ay, Carmela.*

+ RÍO contracorrente –



Non tocar, perigo de morte

# X

*Ti ben ollas, ouh Deus, que non teño  
máis que dicirche  
na oración que che rezo perto do meu muíño.*

Manuel María

## MUÍÑO

cerdedoodedreccerdedoodedrec  
erdedoodedreccerdedoodedre  
rdedoodedreccerdedoodedr  
dedoodedreccerdedooded  
edoodedreccerdedoode  
doodedreccerdedood  
oodedreccerdedoo  
odedreccerdedo  
dedreccerded  
edreccerde  
dreccerd  
reccer  
ecce  
cc  
c  
e  
r  
d  
e  
d  
o  
oo  
dood  
edood  
dedooded  
rdedoodedr  
erdedoodedre  
cerdedoodedrec

# XI

*Polo pan baila o can.*

## CAN - ASTRO

Laika, senta!...

ε

Laika senta

Laika, deita!...

ε

Laika deita

Laika, bota!...

ε

Laika vota

Laika, rolling stoneε.

## XII

*Deus é bo e o demo non é malo.*

### dEUS


pecado capital cerdedo  
sodoma e castración  
deus é místico universo  
deus, cazador e troiteiro  
deus, carneiro ao espeto  
deus é un quinto  
do que era  
oreta en pinzas, domine noster!  
deus pópase  
deus é do IRA  
deus quere ser como Dios  
deus enghanchado  
deus co proxecto home  
deus fuxido  
deus transfuga  
deus en transe  
deus é un transe  
oh! meu deus

é deUSA.

# XIII

*Aluméame, alúmeame  
estrelíña da fortuna.  
Alúmeame, aluméame  
mentres que non sae a lúa.*

NAZÓN a cero



Paseo da *fame*

## XIV

*Unha cousa que din que se come,  
e que sabe ben, e que mantén moito...*

Lamas Carvajal

SEXO sentido

No

69

o home  
e mais a muller  
chegan á Lúa.

## XV

*Así quixeran que sempre fose a nosa Terra.*  
Castelao

### VIDA láctea

chucha da chucha  
mama da mama  
mama chuchada  
chucha mamada  
chucho na chucha  
mamo na mama  
mamo que mamo  
á chucha calada

vaca astral.

## XVI

*eu tamén fun a Mogor  
supoño que o ceo  
estaba cuspidos na pedra*  
Joseph Ghanime

### a M@RTE

planeta roxa  
ghanime-des cóbreme  
alúa en min  
a falúa estixia  
a challenger  
a discovery  
planeta rubia  
astro-labio  
húmido  
da galaxia ceibe  
planeta  
pousado  
no quinto carallo  
planeta pinta, teixa, nespra  
a nasa anda ao boi.

## XVII

*Perdendo a paciencia [...] esborranchei un novo debuxo e díxenlle:*

*-Esta é a caixa. O año que ti queres está dentro [...]*

*-Así é o que eu quería! Pensas que fai falla moita herba para este año?*

*-Por que?*

*-Porque no meu país é todo tan pequeniño...*


*-Chegarache. O año que che dei é moi pequeno.*

*Inclinouse sobre o debuxo e dixo:*

*-Non é tan pequeno. Mira! Quedou durmido.*

A. de Saint-Exupéry

## SONO



Contar ovelliñas.

QUO IMUS?

## *Catecisma* da Igrexa Cometiana

### Na chegada a Cerdedo do primeiro cometa

*Velaí vén, velaí vén avantando  
comaros e corgas, e vales, e cerros.  
Vinde vela, mociños e mozas!  
Saludaina, rapaces e vellos!*

Curros

*Metéuritos*

*viajeros al tren, gallegos también, viajeros al tren  
gallegos no andén, o tren que non vén, galicia express.*

Os Resentidos

## Preces

COMETIANOS: Ave, ígneo óvnibus, pegaso cometa.

COMETA: Ai chíquiri, chíquiri, cha.

COMETIANOS: "Metro e medio de chan pra cando morra".

COMETA: Ai chíquiri, chíquiri, cha (máis cargado de bombo).

*Pena Cabaleirada, unha sobre outra.*

M. Sarmiento

## *Turismo seixual*

monte sexi  
monte seixo  
ponte sexi  
ponte seixo  
monte pino  
polo pino da calor  
monte do seixo  
monte do gozo  
sex mountain  
outeiro do coito  
monte do seixo  
monte de venus  
mountain bicos  
de cu sen freos  
tanto monta  
monta tanto  
o testeiro  
coma o cando

para, pene  
non me toques a ghalghareta!

*Adeus, mundo, que eu aquí me tumbol*

## Mártires da Igrexa Cometiana

### *amantis*

amarei héltormera  
mar de cangas  
e após, quitareille a vida  
amarei eugénouteiro  
mar da illa  
e após, quitareille a vida  
amarei a.cuña[ j ]ghanime  
mar de marín  
e após, quitareille a vida  
amarei albertenaia  
mar d'Acoruña  
e após, quitareille a vida  
amarei sutil-bieites  
mar de lenzo  
e após, quitareille a vida  
amareiván-xacinto  
mar de fóra  
e após, quitareille a vida  
amarei dionilola e len&idro  
mar bravo  
e após, quitareille a vida  
...  
amarei monique, mar aberto  
e após, quitarémonos a vida  
mar morto.

*Cerdado, pobo agarimeiro  
que mellor acolle con lambique  
aos forasteiros  
e dálles acougo derradeiro!*

Glez. Gamallo

Mártires de ALÁ

...Zmauc

Scublinsky

Fehleisen

Schardong

Olekszechen

Heimbuch....:

Censo / cen só.



Fin de poboado

*Teño unha casa branca  
na ghalaxia entre os luceiros.  
Teño paz e teño calma,  
estou vivindo no ceo...*

*Fume de Pipa      Saudade  
Noite      Silencio      Frio  
E ficamos nós sós  
Sen o mar e sen o barco  
nós.*

Manoel Antonio

Welcome to the Heliopause.

*Tras cada home vivente encóntanse  
trinta pantasmas, pois esa é a  
proporción numérica coa que os  
mortos superan os vivos.*

A. C. Clarke

## MONOLITO

### AUSENTES !!

Francisco Álvarez Rodríguez, Manuel  
Arca Gamallo, Francisco Arca  
Valiñas, Secundino Bugallo Igrexas,  
Xerardo Bugallo Lois, Xosé Cortizo  
González, Xesús Curral, Xulio  
Espíñeira Igrexas, Martiño Ferreiro  
Álvarez, Xosé García Bugallo, Manuel  
Garrido, Ramiro Lois Ventín, Euloxio  
Mosqueira Vázquez, Manuel Outeiro,  
Xosé Outeiro Peleteiro, Secundino  
Ovelleiro Costa, Agostín Ovelleiro  
Gamallo, Xosé Paz Cachafeiro,  
Raimundo Pereira Fontes, Hixinio  
Portela, Xosé Pose Pérez, Prata,  
Antón Quibén Simal, Severo  
Rodríguez, Perpetuo Sieiro Torres,  
Agostín Simal Penelas, Eladio Simal  
Penelas, Manuel Simal Penelas, Xosé  
Simal Penelas, Benigno Tato  
Cadórniga, Manuel Tato Cadórniga,  
Darío Tato Fernández, Xosé Torres  
Paz, Benxamín Troitiño Beiro,  
Ramiro Umia, Francisco Varela  
Garrido « Pancho », Manuel Varela  
Piñeiro, Erundino Ventín Ribas,  
Manuel Ventín Ribas, Olegario Ventín  
Ribas, Perfecto Ventín Barreiro...

Po interestelar

Contact e-mail:  
ratorabisaco@yahoo.es

*Á Mónica, luz no baleiro.*

*Á Tati e ao Davide, meus sobriños, pioneiros da galaxia ceibe.*

*Á asociación cultural e ecoloxista Verbo Xido de Terra de Montes, sindicato interplanetario.*

*Á utopía Terra de Todos, TDT, república virtual.*

*Aos heroes e mártires cerdedenses, anónimos ou esquecidos os máis deles.*

*A todos os Cerdados do universo.*

*As Raposeiras – Cerdedo, Nadal de 2003.*

A primeira edición de *Cerdedo in the Voyager I* de Calros Solla, publicada por Edicións Cardeñoso (Vigo, 2004), foi subvencionada pola Asociación Cultural e Ecoloxista “Verbo Xido” de Terra de Montes.

I.S.B.N.: 84-8190-330-2

Depósito legal: VG-64-2004